



GUÍA ÚTIL PARA A ELECCIÓN DOS XOGUETES



oficina municipal de
información ao consumidor

Primeira edición: decembro de 2008

Elaborado por: Oficina Municipal de Información ao Consumidor.

Servizo de Promoción Económica, Emprego, Comercio, Consumo e Turismo.

1ª Tenencia de Alcaldía

**Revisión lingüística: Servizo de Normalización Lingüística do Concello da Coruña
Concellaría de Mocidade, Solidariedade e Normalización Lingüística**

Dep. Legal: C 4578-2008

“Un neno que non sabe xogar é un pequeno vello
e será un adulto que non saberá pensar”.

Jean Châteaun



ÍNDICE

I. A FUNCIÓN EDUCADORA DO XOQUETE	9
II. TIPOS DE XOGOS E XOQUETES	11
III. ESPAZOS DE XOGOS	13
IV. CLASIFICACIÓN DE XOGOS E XOQUETES POR IDADES	15
V. XOQUETE EDUCATIVO E XOQUETE DIDÁCTICO	25
A. O Papel dos/as adultos/as	26
B. Xogos tradicionais e xogos populares	27
VI. A ELECCIÓN DO XOQUETE	29
A. Seguridade dos xoguetes	30
A.1. A prevención dos accidentes.	31
A.2. Garantir a compra dun xoguete seguro.	32
B. Consellos para pais, nais e coidadores/as	33
VII. NORMATIVA DO XOQUETE	35
A. Esixencias esenciais de seguridade dos xoguetes.	35
B. Etiquetaxe de xoguetes	39
B.1. O Marcado CE	39
B.2. Indicacións sobre as precaucións no manexo do xoguete en función das súas características.	40
B.3. Especial referencia aos videoxogos.	42
VIII. CONSELLOS FINAIS	44

INTRODUCCIÓN

Elíxir os xoguetes dos nosos fillos e fillas non é, ou non debera ser, unha actividade trivial para os pais e as nosas nais. É unha decisión máis importante do que pode parecer. Non en balde, nos primeiros anos de vida, a principal actividade do/a neno/a, á que lle dedica máis tempo, enerxías e ilusión, é o xogo.

Ademais, os xoguetes son un dos primeiros recursos pedagóxicos cos que entran en contacto os nenos e as nenas. A percepción do xoguete como unha ferramenta de carácter exclusivamente lúdico é unha visión parcial que é preciso desterrar.

A utilización do xoguete reviste grande importancia para o desenvolvemento físico e psíquico do/a neno/a. Existe tamén unha correlación entre o uso que os/as nenos/as lle dan ao xoguete e as particularidades do desenvolvemento da súa personalidade en cada etapa da vida.

Haí xoguetes que facilitan a motricidade global; outros o desenvolvemento sensorial e a orientación espacial; outros a sociabilidade... En todo caso, a maioría dos xoguetes, dun modo ou doutro, fomentan a intelixencia facéndolles pensar aos nosos fillos: asociando, memorizando e razoando.

Elíxir un xogo ou xoguete para os/as nosos/as fillos/as non é ningunha cuestión banal. Sobre os pais e as nais recae a responsabilidade desta elección.

Dende a Oficina Municipal de Información ao Consumidor do Concello da Coruña, cremos oportuno e conveniente editarmos esta guía que lles permita a pais, nais, titores/as, familiares e amigos/as dispoñer dunha información necesaria e suficiente para valoraren axeitadamente, en cada caso, a elección do xoguete máis apropiado para cada neno/a...

Por último, e preciso agradecermos a participación de dona María de Los Angeles Amenado Martínez, maestra en Educación Infantil e Educación Primaria; e de don Ramiro Blanco Montero, doutor da Unidade de Neumoloxía e Alerxía Infantil do Servizo de Pediatría do Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide-Novoa Santos, sen cuxa colaboración a elaboración desta guía non sería posible.

Sagrario Ron
Xefa do Servizo de Promoción Económica,
Emprego, Comercio, Consumo e Turismo




I. A FUNCIÓN EDUCADORA DO XOGUETE

A función do xoguete é de vital importancia para que os nenos e as nenas tomen contacto co contexto do desenvolvemento humano. É a través do xoguete como os/as nenos/as exploran, descubren, aprenden e interactúan con múltiples obxectos e problemas que forman unha parte importante do seu axeitado desenvolvemento como individuos/as.

A **FUNCIÓN DO XOGUETE** pódese definir como:

- utilitaria
- afectiva
- de consumo
- de adaptación ao contorno
- de transmisión de valores sociais
- educativa
- de entretemento
- de diversión



Neste sentido podemos sinalar que o xoguete é, en consecuencia, o xogo **representan para o/a neno/a**:

- 😊 un instrumento mediador
- 😊 un espazo pracenteiro, espontáneo e voluntario
- 😊 unha participación activa
- 😊 un exercicio de liberdade
- 😊 a satisfacción dunha necesidade
- 😊 o equilibrio
- 😊 unha chamada ao descubrimento
- 😊 a creación de mundos alternativos



II. TIPOS DE XOGOS

E XOQUETES

Desenvolvendo unha tipoloxía desde o punto de vista de estimulación de sentidos, podemos clasificar os xoguets en:

- » Os que **estímulan os sentidos**: convidan ao desenvolvemento dos sentidos e favorecen a descuberta de novas sensacións: mobles, mantas de actividades, xogos de modelar... Este tipo de xoguets facilitan entrar en contacto co seu contorno.
- » Os que **favorecen o desenvolvemento motor**: aprenden a dominar o corpo, gañando destreza, coordinación e equilibrio. Son os xoguets de arrastre, correpiñóns, patíns, aros, etc., apréndese a dominar o corpo e gánase destreza, coordinación e equilibrio.
- » Os que **estímulan a imaxinación e a creatividade**: son os de construción.
- » Os que **favorecen o desenvolvemento afectivo e emocional**: son os xoguets de representación ou imitación (xogo simbólico), que lle permiten ao neno ou á nena expresarse libremente e descargar tensións garantindo un equilibrio emocional e afectivo. Disfraces e representacións de elementos ou situacións do mundo en que viven (carros, tendas, coziñiñas ...) permítenlles representar e imaxinar diversas situacións dos adultos, axudándolles a formaren a súa propia identidade. Os monicreques, **monecas** ou figuras de acción promoven a expresión e manifestación de sentimentos, desexos, medos e emocións.
- » Os que **facilitan o desenvolvemento social e intelectual**: son os xoguets ou xogos en que participa máis dun xogador, axudánlle ao neno e á nena a se relacionar e a comunicarse cos outros, favorecendo o intercam-




bio de ideas, materiais ou experiencias. Todos os xoguetes que precisan dun acordo entre diferentes xogadores, favorecen a interiorización de normas e pautas sociais, o respecto aos demais e a aceptación dos acordos (xeitos básicos nas relacións humanas).

- » Os que **contribúen ao desenvolvemento artístico**: debuxos, recortes, etc.
- » Os que **estímulan o interese científico e mecánico**: son os xoguetes que se basean na observación, formulación de hipóteses e elaboración dunha teoría. Hai unha morea de xoguetes cuxa finalidade é experimentar: balancín térmico, bóla aboíante, superficies xabonosas, luces e sombras, etc.
- » Os Xoguetes de **elaboración caseíra**: moitas veces non é necesario mercar xoguetes especiais para que os rapaces ou rapazas se entretéñan. Materiais como: caixas de medicinas, pasta de dentes, cartóns de leite, botellas, rolos de papel hixiénico, chéganlles para se entretenderen.

III. ESPAZOS DE XOGO

☞ **Na casa:** o xogo na casa posibilita a transmisión de costumes e actitudes positivas respecto ao uso e ao coidado dos xogos e xoguete (orde, coidado ...). Este espazo é máis enriquecedor se se comparte con outros e outras.

☞ **Na rúa:** é un lugar privilexiado para desenvolver infinidade de xogos. Aínda que o urbanismo actual non favorece as actividades lúdicas, nas cidades hai espazos destinados para os xogos dos nenos e nenas ao aire libre.



Os xogos na rúa convidan ao movemento, á participación en grupo e ao control do espazo. É moi importante a educación en prevención e seguranza no xogo ao aire libre.

Deben ter en conta a participación de maiores e pequenos e a integración de nenos ou nenas con necesidades específicas.

Típos de xoguete utilizados na rúa son: bólas, cordas, patinetes, bicicletas...

☞ **Na escola:** por un lado os **patios** das escolas son espazos de xogo e relación entre rapaces e rapazas que dan pé a experiencias lúdicas diversas, momentos de recreo e descanso.

Por outra banda, o xogo na escola é un recurso capaz de incentivar e reforzar a adquisición de novos coñecementos e o desenvolvemento íntegro do neno ou a nena. Calquera xoguete de calidade que se adapte aos intereses dos rapaces ou rapazas e aos obxectivos educativos do ciclo escolar pode ser integrado na **aula**.



Por iso atopamos bonecas, cocíñas ou carros, xogos de mesa e xogos de simulación histórica ou lóxica matemática e estratexia.

Na ludoteca: a ludoteca é un proxecto educativo baseado no xogo. Para desenvolver o xogo, son necesarios: tempo, espazo, xoguetes e obxectos diversos, compañeiros e compañeiras, e adultos que axuden, compartan e acompañen no xogo.

A ludoteca facilita estes requirimentos e proporciónalles aos/as máis pequenos/as criterios de selección dos seus propios xoguetes, educándoos así no consumo responsable.



IV. CLASIFICACIÓN DE XOGOS E XOQUETES POR IDADES

De 0 a 6 meses: Xoguete que estimulen os sentidos e a manipulación:

- ★ Mobles con colgantes de distintas texturas e música
- ★ Lámpadas con luces e formas en movemento
- ★ Espellos
- ★ Centros de actividades con distintas texturas, cores e sons
- ★ Axóuxeres con distintas cores e materiais



De 6 a 12 meses: Xoguete que estimulen os sentidos, a manipulación e o sistema motor:

- ✓ Mobles con colgantes de distintas texturas e música
- ✓ Lámpadas con luces e formas en movemento.
- ✓ Espellos.
- ✓ Xoguete con son e movemento
- ✓ Obxectos para apalpar, tocar, acariciar, ...
- ✓ Centros de actividades con distintas texturas, cores e sons
- ✓ Mordedores.
- ✓ Bonecos de trapo, sen pelo
- ✓ Bólas con diferentes formas, cores, texturas, etc.
- ✓ Xoguete para a bañeira.




- ✓ Balancíns, nos que o neno ou a nena estea ben suxeito
- ✓ Obxectos que se despracen como carros, etc




De 12 a 24 meses: Xoguetes que estímulo os sentidos, a manipulación, o xogo simbólico e construcións:

- ✓ Lámpadas con luces e formas en movemento.
- ✓ Espellos.
- ✓ Xoguetes con movemento e son que podan arrastrar.
- ✓ Centros de actividades con distintas texturas, cores e sons.
- ✓ Xoguetes de madeira, plástico, tea para amontoar, encaixar, etc., de distintas formas.
- ✓ Xoguetes para inserir argolas, cunha base plana.
- ✓ Utensílios para xogar na area e na auga.
- ✓ Balancíns en que o neno ou a nena estea ben suxeito.
- ✓ Bólas de distintos tamaños.
- ✓ Triciclos.
- ✓ Cores, pinturas, ceras, etc.
- ✓ Libros e contos.
- ✓ Bonecos de trapo ou plástico e algúns accesorios sinxelos.
- ✓ Casas, granxas, garaxes con algun boneco que poidan manexar.
- ✓ Construcións sinxelas de distintos materiais que poidan encaixar ou amontoar.



De 24 a 36 meses: Xoguetes que estimulen os sentidos, a manipulación, o sistema motor, o xogo simbólico e construcións:

- ✓ Espellos.
- ✓ Xoguetes con movemento e son para os arrastrar ou empurrar.
- ✓ Xoguetes de distintos materiais e formas que podan amontoar, encadear e encaixar.
- ✓ Xoguetes para inserir argolas, cunha base plana.
- ✓ Utensilios para xogar na areia e na auga.
- ✓ Bólas de distintos tamaños.
- ✓ Bambáns e tobogáns.
- ✓ Vehículos sen pedais.
- ✓ Cores, pinturas, ceras, etc.
- ✓ Libros e contos.
- ✓ Bonecos e peluches con accesorios.
- ✓ Casas, granxas, garaxes con algun boneco que podan manexar.
- ✓ Xoguetes de imitación: cociñas, comidas, etc.
- ✓ Disfraces.
- ✓ Puzles de 6 pezas.
- ✓ Puzles de 6 a 12 pezas.
- ✓ Construcións para aparafusar, encaixar de madeira ou plástico con pezas grandes.



De 3 a 5 anos: Xoguetes que desenvolvan os sentidos, a manipulación, o sistema motor, o xogo simbólico, construcións e xogos de regras:

- ✓ Buxainas.
- ✓ Instrumentos musicais e aparellos de música.
- ✓ Utensílios para xogar na area e na auga.
- ✓ Xoguetes para encaixar con unha orde.
- ✓ Vehículos de catro rodas para eles.
- ✓ Vehículos para transportar os seus xoguetes, os seus bonecos, etc.
- ✓ Tobogáns e bambáns.
- ✓ Zancos.
- ✓ Bólas de distintos tamaños.
- ✓ Rotuladores, lápis de cores, xices, etc.
- ✓ Bonecos grandes e accesorios.
- ✓ Peluches.
- ✓ Bonecos dos contos: píratas, princesas, etc.
- ✓ Bonecos pequenos que representen lugares da vida real: aeroportos, granxas, etc.
- ✓ Garaxes.
- ✓ Trens.
- ✓ Xoguetes que imiten profesións: accesorios de enfermaría, accesorios de carpinteiro, etc.
- ✓ Casas e tendas, en que eles entren.
- ✓ Monicreques e teatros.
- ✓ Disfraces.
- ✓ Quebracabezas de até 30 pezas.
- ✓ Libros e contos.



- ✓ Xogos para modelar.
- ✓ Creación de colares, pulseiras, etc... con abelorios.
- ✓ Construcións para enroscar ou encaixar.
- ✓ Xogos con imaxes de oficios, animais, etc.
- ✓ Xogos de cartas.
- ✓ Xogos de memoria.
- ✓ Xogos de azar.
- ✓ Ordenadores infantís.
- ✓ Xogos electrónicos sobre letras, números, etc.
- ✓ Xogos de birlos ou argolas.
- ✓ Dianas.



De 5 a 8 anos: Xoguete que estimulen os sentidos, a manipulación, o sistema motor, o xogo simbólico, construcións e xogos de regras:

- ✓ Buxainas.
- ✓ Vehículos.
- ✓ Patíns.
- ✓ Aros.
- ✓ Zancos.
- ✓ Cordas.
- ✓ Bólas.
- ✓ Rotuladores, ceras, plastilinas, etc.
- ✓ Bonecos e peluches con accesorios.
- ✓ Bonecos manequín.
- ✓ Bonecos dos contos: piratas, princesas, etc.
- ✓ Bonecos pequenos que representen lugares da vida real: aeroportos, granxas, etc.



- ✓ Vehículos teledirixidos.
- ✓ Garaxes con loopings.
- ✓ Trens.
- ✓ Tendas e os seus accesorios.
- ✓ Xogos de imitación da vida cotiá e de oficios.
- ✓ Casas e tendas, nas que eles entren.
- ✓ Monicreques e teatros.
- ✓ Disfraces.
- ✓ Maquillaxes.
- ✓ Aparellos de música.
- ✓ Puzles até 100 pezas.
- ✓ Construcións con pezas pequenas para encaixar ou enroscar.
- ✓ Creación de colares, pulseiras, etc. con abelorios.
- ✓ Creación de perfumes, flores, etc.
- ✓ Teares.
- ✓ Xogos de modelar.
- ✓ Xogos de mesa, máxía, memoria, azar, habilidade, estratexia, preguntas e respostas.
- ✓ Ordenadores infantís.
- ✓ Xogos desportivos.
- ✓ Dianas.
- ✓ Papaventos.



De 8 a 11 anos: Xoguetes que estimulen os sentidos, a manipulación, o sistema motor, o xogo simbólico, construcións e xogos de regras:

- ☛ Buxaínas.
- ☛ Vehículos.
- ☛ Diábolo, mazas e bólas.
- ☛ Ioíos.
- ☛ Papaventos.
- ☛ Zancos.
- ☛ Bonecos articulados e accesorios.
- ☛ Bonecos manequín.
- ☛ Vehículos con control remoto.
- ☛ Scalextric.
- ☛ Karaokes.
- ☛ Maquillaxes.
- ☛ Disfraces.
- ☛ Puzles até 300 pezas.
- ☛ Quebracabezas.
- ☛ Construcións que requiren moita precisión, para encaixar ou enroscar.
- ☛ Xogos de creación artística.
- ☛ Montaxes mecánicas e eléctricas.
- ☛ Experimentos sinxelos.
- ☛ Xogos de cartas.
- ☛ Xogos clásicos, xogos de maxia, de memoria, de azar, de dedución, de estratexia, electrónicos, de habilidade, matemáticos, de vocabulario e linguaxe, de cartas coleccionables.



- Ordenador.
- Futbolíns, billares, bórlos, petanca...



De 11 a 14 anos: Xoguete que estimulen os sentidos, a manipulación, o sistema motor, o xogo simbólico, construcións e xogos de regras:

- Ioiós.
- Buxainas.
- Vehículos.
- Diábolo, mazas e bólas.
- Papaventos.
- Zancos.
- Pinturas e cabaletes.
- Vehículos teledirixidos.
- Scalextric.
- Karaokes.
- Maquillaxes.
- Disfraces.
- Puzles de até 500 pezas.
- Quebracabezas.



- Construcións que requiren moita precisión, para encaixar ou enroscar.
- Xogos de creación artística.
- Montaxes con movemento a partir de mecanismos, circuitos, sensores eléctricos, etc.
- Maquetas de naves, barcos, trens, etc.
- Experimentos científicos.



🌀 Cartas.

🌀 Xogos clásicos, de maxia, de memoria, de azar, de dedución, de estratexia, de rol, electrónicos, de mesa, matemáticos, de vocabulario e linguaxe.

🌀 Futbolíns, billares.

🌀 Birlos, petanca...



V. XOGUETE EDUCATIVO E XOGUETE DIDÁCTICO

Os xoguetes que escollamos deben reflectir os mellores valores da nosa sociedade e transmitir actitudes de respecto cara os demais e cara ao medio que os rodea.

Os nenos e as nenas xogan e reproducen aquilo que ven. Van construíndo a súa identidade de acordo coa cultura en que viven. Normalmente, levan a cabo esta construción a partir da imitación dos modelos que teñen máis cerca (os pais/naís, máis tamén personaxes da televisión, amigos/as, mestres/as, etc.).


Debemos utilizar os xoguetes de maneira non sexista.

Un bo xoguete é aquel que é divertido e presenta unhas boas achegas pedagóxicas. Será coa práctica e mediante o xogo que se realice con el, como poderá chegar a influír no desenvolvemento ou na formación dos nenos e das nenas. Neste sentido é moi importante a utilización que se faga co xoguete e o papel da persoa adulta. En función disto, podemos-

lle chamar a un xoguete educativo ou didáctico.

Educar é algo máis que adquirir coñecementos académicos. O xogo, axúdanos a medrarmos como persoas e debemos considerar que un bo xoguete é aquel que estímula xeitos positivos no desenvolvemento integral do neno ou da nena, e que lle proporciona experiencias e aprendizaxes importantísimas para o seu crecemento e para a súa formación como persoa.

O xoguete podémolo entender como didáctico na aula, xa que nos permite traballarmos contidos específicos do currículo escolar (linguaxe, matemáticas, ciencias, etc.). O xogo é ideal para a aprendizaxe.



A) O PAPEL DOS/AS ADULTOS/AS

A maior parte dos nenos e as nenas mostran preferencia por compartiren os seus xogos e xoguete con persoas adultas.

Os/as adultos/as debemos:

- » Respetar os máis pequenos e as máis pequenas á hora de escolleren os seus propios xoguetes, aínda que sempre baixo o asesoramento dos maiores. O xoguete nunca pode substituír a necesidade dos nenos e das nenas de xogaren cos seus amigos e compañeiros. O primeiro elemento que contribúe ao desenvolvemento infantil é a relación afectiva cos seus pais, nais, titores así como con outros nenos e nenas.
- » Deixar xogar os nosos menores cos seus xoguete.
- » Saber que o mellor xoguete non é o máis caro, se non o que mellor se adapta á personalidade, á idade e á madurez do neno ou da nena.
- » Ter en conta que o xoguete non aprende a xogar, son os pais, nais e os titores/as os/as que deben aprender a xogar cos rapaces e rapazas.

As vontades de xogar resultan inversamente proporcionais ao exceso de xoguete

- » Saber que hai que contar cos xoguete suficientes, pero non excesivos, para que o neno e a nena se expresen e xoguen.
- » Evitar actitudes consumistas cara aos xoguete.
- » Aprenderlles a compartir os seus xoguete.
- » Gardar algúns xoguete e ir quitándoo cando se considere necesario, á vez que retiramos outros.

- » Ter coidado ao elixirmos os espazos que sexan utilizados para xogar. Deben estar libres de riscos.

Xogarmos cos fillos e coas fillas é a mellor forma de os/as educarmos

B) XOGOS TRADICIONAIS E XOGOS POPULARES

Haí xogos que se transmiten de xeración en xeración, en que só se necesitan un grupo de nenos e nenas. Son os xogos chamados populares e tradicionais.

Cómpre destacarmos a importancia da escola como transmisora da cultura popular a través de xogos tradicionais e populares, aos que se xoga en ximnasios, patios e aulas.



Os **xogos populares** son manifestacións arraigadas a unha sociedade que se atopan ligadas a conmemoracións de carácter folclórico. Distinguimos xogos como: cromos, chapas, agochos, o patio da miña casa, pés quietos, etc.

Os **xogos tradicionais** transmitense de xeración en xeración. Destacamos algúns como a pita cega, a cadeira da raíña, cara ou cruz, etc.

Estes xogos posúen unha gran riqueza pedagóxica e estimulan capacidades e actitudes como a cooperación, a solidariedade, o respecto, a honradez, o compañeirismo

Con eles aprenden:

-  Normas de xogo
-  A xogar sen xoguete
-  Comparan as actuais formas de diversión con estes xogos.
-  Coñecen os xogos dos seus pais, nais e avós e avoas.
-  Aprenden a se divertiren.

VI. A ELECCIÓN DO XOQUETE

Os nenos aprenden dende o mesmo momento do seu nacemento, e os pais e/ou coidadores son os responsables primordiais de encheiros de experiencias de cuxas calidades poidan absorber coñecemento. Son, metaforicamente falando, “como unha esponxa”.

O xogo é unha actividade fundamental durante toda a vida, e na infancia é indispensable porque contribúe ao desenvolvemento harmónico do/da neno/a, tanto dende o punto físico, como mental e social. Xogar leva consigo un xeito de aprender e, por tanto, non é só unha diversión, senón tamén unha preparación para a vida adulta. A través dos xogos os nenos e as nenas **elaboran as súas vivencias emocionais e poñen en marcha os papéis sociais que terán que desenvolver como adultos/as**.

Os materiais de xogo deben satisfacer as necesidades individuais de cada neno.

O crecemento global dos nenos pode ser fortalecido a través do xogo e os xoguetes serven de vínculo de unión entre pais/nais e fillos/as, e melloran o desenvolvemento cerebral temperán a través desa relación. Os xoguetes poden servir de ponte de interacción entre os nenos e os seus pais ou outros coidadores. Aínda que os xoguetes nunca deben ser utilizados como substitutos dos vínculos de afecto e a atención incondicional dos pais cara aos nenos, poden mellorar enormemente a relación neno-coidador. Cando un adulto participa nos xogos dos nenos, a aprendizaxe mellora notablemente, xa que os pais poden identificar as habilidades que os seus fillos teñen nun momento determinado e dirixir o xogo cara ao fortalecemento destas. A autoestima e o nivel de mestría dun neno tamén aumentan cando os seus pais participan do xogo.

Alguns nenos poden necesitar xoguetes que fosen adaptados para acomodarse a un déficit visual, motor ou outro tipo de discapacidade.

As representacións gráficas de violencia presentadas dun modo interactivo, tal e como acontece con algúns videoxogos, pode conducir á realización de actos violentos por parte dos nenos. Aínda que os videoxogos están clasificados por idades, incluso aqueles clasificados “para todas as idades” poden conter violencia de forma significativa. As armas e outros xoguets que simulen ou promovan violencia deben ser desaconsellados. Os pais tamén deben descartar aqueles xoguets que promovan estereotipos negativos raciais, étnicos, culturais ou de xénero. Cos xoguets que lles damos (ou non lles damos) aos nosos fillos estámolos a enviar unha mensaxe acerca de cales son os valores que deben seguir.

A) SEGURIDADE DOS XOQUETES

A lexislación vixente mellorou os estándares de seguridade para a fabricación e uso de xoguets máis, só porque un produto estea no mercado non significa que sexa seguro. Para determinar a seguridade dun xoguete, débese considerar como as súas propiedades e as súas partes poden ser usadas ou “mal usadas” polo neno, e a cantidade de supervisión e/ou axuda necesaria para un xogo seguro.

Os nenos e as nenas poden gozar moito xogando cos seus xoguets. Porén, é importante ter en mente que a seguridade sempre é o primeiro. Cada ano morren ou resultan lesionados/as miles de nenos/as por xoguets. Aprenda en que debe fixarse cando compra un xoguete e como unhas poucas e sinxelas normas para un uso seguro poden previr danos innecesarios.

A seguridade no xogo é un elemento esencial que sempre hai que ter en mente. Neste sentido, compre destacar que o grupo de nenos menores de 3 anos é o que máis risco ten de se lesionar cos xoguets. O tipo de lesión é variable, pasando de **simples rozaduras até caídas, queimaduras, atragoamentos,**



afogos ou intoxicacións. De entre todas elas, o atragoamento é a causa principal das mortes relacionadas cos xoguetes. Isto acontece cando os xoguetes son perigosos ou cando se usan dun xeito incorrecto.

Por todo iso, seleccionar os xoguetes coidadosamente é unha garantía para que o xogo sexa educativo, divertido e, o que é máis importante, seguro. Convén precisar que o perigo non está tanto no xogo como na forma de realizalo, polo que é necesario que pais e familiares dediquen o tempo suficiente a ensinar os seus fillos a que coñezan os perigos e saiban identificar os riscos polos que poden pasar, e axudalos a que se formen unha conciencia de vulnerabilidade, desbotando o pensamento de que soamente teñen accidentes os demais.

A.1) A PREVENCIÓN DOS ACCIDENTES

Vixie o seu fillo/a súa filla cando xogue. As lesións poden acontecer a pesar de todos os seus esforzos para seleccionar o xoguete máis seguro. A vixilancia é o mellor xeito de previlas.

Manteña todos os xoguetes que teñan pezas pequenas fóra do alcance dos nenos pequenos até que aprendan a non levalos á boca, normalmente aos 5 anos de idade.

Non permita que o seu neno/a súa nena xogue cun xoguete deseñado para nenos/as de maior idade. Tamén supervíse os/as nenos/as maiores, xa que poderían poñerlles obxectos novos na boca aos nenos pequenos/ás nenas pequenas.

Manteña os globos desinchados e rotos fóra do alcance dos nenos de todas as idades, xa que representan un perigo de asfixia serio. Cando un neno trata de inflar un globo, pode tragalo moí facilmente.

Prohiba todo tipo de xogo imprudente. Asegúrese de que o seu neno



nunca xogue con xoguete preto das escaleiras, da circulación de vehículos ou das piscinas.

A.2) GARANTIR A COMPRA DUN XOQUETE SEGURO



Infórmese coa etiqueta. As etiquetas de advertencia achegan información importante acerca de como usar un xoguete, para qué idades é seguro e se se recomenda que algún adulto supervíse o neno cando o use.



Asegúrese de que todas as pezas e partes do xoguete son máis grandes que a boca do seu fillo co fin de previr atragoamentos.



Evite xoguete que disparen obxectos pequenos ao aire. Estes poden causar serios danos oculares ou asfixia por atragoamento.



Evite xoguete ruidosos para previr afectacións da agudeza auditiva do seu fillo.



Busque xoguete feitos de xeito sólido. Ao comprar un xoguete brando, revíse que o nariz, os ollos e as outras pezas pequenas estean ben asegurados. Asegúrese que se poida lavar na lavadora. Comprobe que todas as costuras e beiras estean ben rematadas.



Prefira xoguete de plástico que sexan macizos. Os xoguete feitos de plástico fino poden romper con maior facilidade.



Evite xoguete con materiais tóxicos que poidan producir envelenamento. Asegúrese de que na etiqueta de lapis, pinturas e rotuladores poña "non tóxico". As baterías pequenas, ademais de ser tóxicas, tamén poden causar asfixia ou pódense tragar.



Evite comprar xogos de química ou similares a nenos/as menores de 12 anos. Poden conter elementos perigosos. Asegúrese de que os/as nenos/as sexan maiores e saben como manexar de forma segura este tipo de xogos.

9

Os xoguetes eléctricos deben cumprir a normativa europea. Lea a etiqueta para comprobar que o xoguete está aprobado e homologado.

10

Teña coidado ao comprar xoguetes para berces de bebés.

Os adornos e os cables que colgan nun berce deben manterse curtos para previr estrangulamento. Estes xoguetes deben ser retirados tan pronto como os/as nenos/as sexan capaces de alcanzalos e tirar deles.

11

Selecione un baúl de xoguetes coidadosamente. Busque un baúl con beíras lisas e acabados que non sexan tóxicos. Se ten unha tapa asegúrese que sexa sólida e que teña soportes con seguro e bisagras axeitadas. Deberá poder permanecer aberto en calquera posición e deberá ter orificios de ventilación para previr que o/a neno/a se sufoque se queda atrapado dentro.

12

Non debe comprar xoguetes que fomenten comportamentos agresivos, xenófobos, sexistas ou intolerantes.

A continuación ofrecémoslle 12 normas que lle axudarán a escoller un xoguete seguro e apropiado para os seus fillos ou fillas:

B) CONSELLOS PARA PAIS, NAIS E COIDADORES/AS



Recorde que o xoguete máis educativo é aquel que promove a interacción dun neno e un adulto nun xogo no que este último lle brinde o seu apoio incondicional.



Facilítelles aos nenos xoguetes alcanzables, seguros e que sexan acordes co seu grao de desenvolvemento. Inclúan xoguetes que axuden a promover a aprendizaxe de todas as áreas de desenvolvemento. Eviten xoguetes que desanimen os nenos e as nenas a utilizaren a súa imaxinación. As habilidades socioemocionais e cognitivas desenvólvense e fortalecen cando o/a neno/a empregan o xogo para resolver problemas da vida real.

-  Realíce unha selección meditada dos xoguetes e recorde que un bo xoguete non ten que ser “moderno” ou custoso.
-  utilíce libros e revistas para xogar e ler cos nenos.
-  Sexa escéptico cos reclamos publicitarios sobre as virtudes educativas ou de desenvolvemento intelectual dun xoguete feitos polos seus anunciantes. Valore detidamente as súas posibilidades reais.
-  Siga os consellos do seu pediatra para distinguir os xoguetes seguros dos que non o son.
-  Recorde que algúns xoguetes promoven a violencia ou estereotipos negativos raciais, socio-culturais ou de xénero. Eses xoguetes non son recomendables para os nosos fillos e as nosas fillas.
-  Limíte o uso de videoxogos. O tempo total recomendado fronte a unha pantalla (incluíndo televisión e ordenadores) debe ser de menos de dúas horas ao día.

VII. NORMATIVA DO XOQUETE

Enténdese por **xoguete** todo produto concibido ou destinado a ser utilizado con fins de xogo por nenos/as de idade inferior a 14 anos.

A crecente preocupación pola seguridade infantil é unha constante en todos os países desenvolvidos, que se plasmou en numerosas disposicións legais, destinadas a esixir que os xoguetes cumpran unha serie de condicións que garantan a seguridade durante a súa manipulación, co fin de evitar os riscos a que poden estar expostos os nenos cando os utilizan.

Actualmente a normativa sobre xoguetes vixente no noso país deriva da Directiva 88/378/CEE, do Consello, do 3 de maio de 1988, modificada pola Directiva 93/68/CEE, incorporada ao noso dereito polo Real Decreto 880/1990, de 29 de xuño de 1990, modificado por Real Decreto 204/1995.

A) ESIXENCIAS ESENCIAIS DE SEGURIDADE DOS XOQUETES

Os xoguetes que se venden han de cumprir uns requisitos que protexan a persoa consumidora contra riscos para á saúde e lesións corporais.

Deben reunir, como mínimo, unhas determinadas propiedades físicas, químicas e mecánicas, de inflamabilidade, eléctricas, radioactivas e hixiénicas.



FÍSICAS E MECÁNICAS

Os xoguete e as súas partes, así como as súas fixacións, no caso de xoguete desmontables han de cumprir os seguintes requisitos:

- Ter resistencia mecánica e, a estabilidade suficiente para evitar feridas.
- Diseñarse e construírse sen riscos de lesións corporais.
- Os destinados a nenos/as de idade inferior a 36 meses deben ser de dimensións abundas para que non poidan ser tragados e/ou inhalados.
- Non deberán presentar risco de estrangulamento ou asfixia.
- Os xoguete ideados para o seu uso na auga ou que poida levar un neno ou unha nena pola auga deberán reducir ao mínimo, os riscos de afundimento do xoguete e de perda de apoio para o neno ou a nena.
- Os xoguete en que se poida entrar e que constitúan, por tanto, un espazo pechado deberán ter un sistema de saída que calquera ocupante poida abrir facilmente desde o interior.
- Os xoguete que lles confiren mobilidade aos seus usuarios e usuarias deberán, levar incorporado un sistema de freo adaptado ao tipo de xoguete e sen perigo de proxección ou de feridas.
- Os xoguete que conteñan elementos que produzan calor deberán construírse de tal forma que:
 - ⊗ A temperatura máxima que alcance calquera superficie accesible non poida provocar queimaduras ao tocalas.
 - ⊗ Os líquidos, vapores e gases que se atopen no interior dos xoguete non alcancen temperaturas ou presións cuxo escape, salvo por motivos indispensables para o bo funcionamento do xoguete, poida provocar queimaduras ou outros danos físicos.



INFLAMABILIDADE

Os xoguete non deben constituír un perigoso elemento inflamable no contorno do/a neno/a.

Polo tanto, deben estar feitos con materiais que:

- Non se queímen ao estaren expostos a unha lapa ou faísca ou outra fonte potencial de lume.
- Non sexan facilmente inflamables (a lapa apágase tan pronto como se retíren do foco do lume).
- Se arden, o fagan lentamente e con pouca velocidade de propagación da lapa.
- Calquera que sexa a composición química do xoguete, sufrirá un tratamento tendente a atrasar o proceso de combustión.
- Os materiais combustibles non deberán entrañar ningún risco de que a partir deles se poida estender o lume aos demais materiais usados no xoguete.



Os xoguete non deberán ser explosivos nin conter elementos ou substancias que poidan explotar.

PROPIEDADES QUÍMICAS

Os xoguete deberán ser deseñados e fabricado de forma que a súa inxestión, inhalación, contacto coa pel, as mucosas ou os ollos non presenten riscos para a saúde ou perigos de feridas.



PROPIEDADES ELÉCTRICAS

A tensión eléctrica dos xoguetes que funcionen con electricidade non poderá exceder de 24 voltios.

As partes de xoguetes en contacto ou que poidan entrar en contacto cunha fonte de electricidade capaz de provocar unha descarga eléctrica, así como os cables ou outros condutores polos que se leve a electricidade a tales partes, deberán estar suficientemente illados e protexidos mecanicamente para evitar o risco de descarga.



Os xoguetes eléctricos deberán deseñarse e construírse de forma que se garanta que as temperaturas máximas que alcancen todas as superficies directamente accesibles non provocarán queimaduras ao tocalas.

HIXIENE

Os xoguetes deberán concibirse e fabricarse de maneira que se satisfagan as condicións de hixiene e limpeza, co fin de evitar os riscos de infección, enfermidade e contacto.



RADIOACTIVIDADE

Os xoguetes non deberán conter elementos nin substancias radioactivas en forma ou proporcións que poidan ser prexudiciais para a saúde do/a neno/a.



B) ETIQUETAXE DOS XOQUETES

Os xogueteiros teñen que levar sempre de forma **visible, lexible e indeleble**, a seguinte información:

- Nome, razón social e/ou a marca do xoguete.
- Domicilio do fabricante ou do seu representante autorizado na UE ou do importador na UE.
- O marcado "CE".

E de acordo coa lexislación vixente sobre seguridade dos xogueteiros as advertencias e as indicacións de uso e manexo (para os xogueteiros que o precisen) deben ir "cando menos, en lingua española oficial do Estado".

B.1) O MARCADO CE

Para poder comercializar xogueteiros estes teñen que levar a marca "CE" que determina a conformidade coas normas de seguridade que lle son de aplicación.

A marca CE, considerada e o nome e/ou a razón social e/ou a marca, así como o enderezo do fabricante ou do seu representante autorizado ou do importador dentro da comunidade deberán ir colocadas por regra xeral de forma visible, lexible e indeleble, ben sobre o xoguete ou ben sobre o envase.

En caso de xogueteiros de tamaño reducido, así como de xogueteiros compostos por elementos de tamaño reducido, estas indicacións poderán, así mesmo, ir colocadas sobre o envase, nunha etiqueta ou nun folleto. Cando as ditas indicacións vaian colocadas sobre o xoguete, deberá chamarse a atención do/da consumidor/a sobre a utilidade de conservalas.

O marcado CE de conformidade estará constituído polas iniciais CE.

En caso de reducirse ou aumentarse o tamaño do marcado CE, deberán conservarse as proporcións deste logotipo.

Os diferentes elementos do marcado CE deberán ter unha dimensión vertical apreciablemente igual que non será inferior a 5 milímetros.



B.2) INDICACIÓNS SOBRE AS PRECAUCIÓNS NO MANEXO DO XOQUETE EN FUNCIÓN DAS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

Os xoguetes deberán ir acompañados de indicacións claramente lexíbles e axeitadas que permitan reducir os riscos que entrañe o seu uso e en particular:

☒ Xoguetes non destinados a nenos/as menores de 36 meses.

Os xoguetes que poidan resultar perigosos para nenos/as menores de trinta e seis meses levarán unha advertencia. aínda que esta disposición non se lles aplicará aos xoguetes que de forma manifesta, a causa das súas funcións, dimensións, características, propiedades ou demais elementos evidentes non son susceptibles de se destinar a nenos/as menores desta idade



☒ Xoguetes montados sobre soportes.

Os tobogáns, bambáns en suspensión, argolas, trapecios, cordas e xoguetes análogos montados sobre soportes, irán acompañados dunhas instrucións de uso que manifesten a necesidade de efectuar controis e revisións periódicas das súas partes máis importantes (suspensións, suxeitadores, fixacións ao chan, etc.) precisando que, en caso de omisión dos devanditos controis, o xoguete podería presentar riscos de caídas ou xiro.

Deberanse proporcionar igualmente instrucións sobre a forma correcta de montalos e indicar partes que poidan resultar perigosas no caso dunha montaxe incorrecta.

☒ Xoguetes funcionais.

Por xoguetes funcionais entenderase aqueles que teñan as mesmas funcións que aparatos ou instalacións destinados a adultos e dos cales constitúen a miúdo un modelo a escala reducida.

Os xoguetes funcionais ou o seu envase levarán a inscrición:

Atención! Utilícese baixo a vixilancia de persoas adultas

Irán, ademais, acompañados por instrucións de uso ou nas que se mencionen as indicacións para o seu funcionamento, as precaucións

que deberá adoptar a persoa usuaria, coa indicación de que, en caso de omisión das ditas precaucións, este exporíase aos riscos, que se deberán especificar, inherentes ao aparato ou produto dos que o xoguete constituía un modelo a escala reducida ou unha imitación. Tamén se indicará que o xoguete debe manterse fóra do alcance de nenos/as de moi curta idade.

☒ **Xoguetes químicos.**



Nas instrucións de uso ou modo de emprego dos xoguetes que conteñan substancias e preparados perigosos, indicárase o seu carácter perigoso, así como as precaucións que deberán adoptar os/as usuarios/as co fin de evitar os riscos que poidan presentar, riscos que se haberán de especificar de forma concisa segundo sexa o tipo de xoguete.

Mencionaranse tamén os primeiros auxilios que deberán administrarse en caso de accidentes graves provocados polo uso destes xoguetes. Indicarase, así mesmo, que os devanditos xoguetes han de manterse fóra do alcance dos/as nenos/as de moi curta idade.

Ademais destas indicacións, os xoguetes químicos exhibirán nos seus envases a inscrición:

Atención!. Únicamente para nenos/as maiores de XX anos. Utilícese baixo a vixilancia de persoas adultas.

Considéranse xoguetes químicos: as caixas de experimentos químicos, as caixas de inclusión plástica, os talleres en miniatura de cerámica, esmalte, fotografía e xoguetes análogos.

☒ **Patinetes e patíns de rodas para nenos/as.**

Cando se presenten a venda como xoguetes para nenos/as deberán levar a inscrición:

Atención! Utilícese con equipo de protección!

Ademais, as instrucións de uso recordarán que a utilización do xoguete deberá efectuarse con prudencia, xa que require unha gran

habilidade e lonxe da vía pública, co fin de evitar accidentes, por caídas ou colisións, do/a usuario/a e de terceiros. Tamén se proporcionarán indicacións acerca do equipo protector recomendado: cascos, luvas, xeonlleiras, protectores de cónados, etc.

☒ **Xoguetes náuticos**

Os xoguetes náuticos definidos deberán levar a inscrición:

Atención! Utilícese só en auga onde o/a neno/a poida permanecer de pé e baixo vixilancia.

B.3) ESPECIAL REFERENCIA AOS VIDEOXOGOS

Inda que o vídeo xogo non é un xoguete dos tradicionalmente considerados, senón un xogo interactivo, parecénos importante facer unha especial referencia a el. Velar por un uso adecuado deste tipo de produtos é responsabilidade dos pais, das nais e dos educadores e educadoras dos/das nenos. Coñecer o contido dos vídeo xogos cos que xogan e valorar a súa conveniencia é unha tarefa que ha de ser realizada con suma cautela. Deberá establecerse un control do uso do vídeo xogo que fan os/as menores de idade.

En vista da proliferación deste tipo de aparellos e co fin de lles proporcionar aos, compradores e consumidores información máis completa sobre o contido dos vídeo xogos e xogos de ordenador, creouse o sistema PEGI (Información Paneuropea sobre Xogos "**Pan European Game Information**"), para indicar a través de logotipos e pictogramas a idade á que van dirixidos e os posibles riscos no seu contido.

Estes pictogramas sinalan dous tipos de información. Por unha banda a idade, dividida en 5 categorías:



Por outra banda a información sobre o seu contido:

Indicación de pictogramas informativos:

Discriminación



O xogo contén representacións ou materiais que poden favorecer a discriminación.



Drogas

O xogo fai referencia ou mostra o uso de drogas.



Medo

O xogo pode asustar ou provocarlles medo aos nenos.



Linguaxe obscena

O xogo contén palabras malas.



Sexo ou desnudez

O xogo contén representacións de persoas nús e/ou comportamentos ou referencias sexuais.



Violencia

O xogo contén representacións violentas.

CONSELLOS FINAIS

CONSELLOS XERAIS:

- ✓ Elíxa xoguetes adecuados á idade do/a neno/a.
- ✓ Vixie os cativos e as cativas cando xoguen. As lesións poden acontecer a pesar de todos os seus esforzos para seleccionar o xoguete máis seguro. A vixilancia é o mellor xeito de previlas.
- ✓ Controle os nenos mentres xogan cos videoxogos e comprobe que o xogo é axeitado para el e o tempo que lle dedican.
- ✓ Os nenos son moi influenciábles pola publicidade. Fagamos dos nenos consumidores críticos e reflexivos.
- ✓ Leve a cabo un consumo sostible, sen prexudicar o medio: Reduza, reutilice, e recicle.
- ✓ O xoguete non aprende a xogar, son os país, nais, titores os/as que deben aprender a xogar cos rapaces e rapazas.

CONSELLOS LEGAIS:

- ✓ Conserve o ticket como xustificante da compra, xa que, se tiver que reclamar, este será imprescindible.
- ✓ Comprobe que o xoguete leva o marcado CE e as advertencias de seguridade.
- ✓ A publicidade obriga a quen a emite, así que conserve unha copia dos folletos ou documentos publicitarios.
- ✓ Os xoguetes teñen unha garantía de dous anos.
- ✓ En caso de disconformidade na compra dun xoguete, se o/a vendedor/a non lle solucióna o problema, pídalle as follas de reclamacións.
- ✓ Compre en establecementos adheridos ao Sistema Arbitral de Consumo.
- ✓ Para rematar, lembre que pode contactar connosco para calquera dúbida:

OMIC

R/ Costa da Palloza, s/n

15006 A Coruña

Tel.: 981 189 820

Fax: 981 189 821

omic@coruna.es

www.coruna.es/omic

“Defendendo os teus dereitos”



Concello da Coruña



OMIC
R/ Costa da Palloza, s/n
15006 A Coruña
Teléfono: 981 18 98 20
Fax: 981 18 98 21
omic@coruna.es
www.coruna.es/omic

